



## **RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL PARA A EXTRACCIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN AS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXÍA**

Por mor do disposto na Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG N° 248, do 30 de decembro de 2015) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2016 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xullo que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude da CONFRARÍAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXIA para a extracción de NAVALLA E LONGUEIRÓN, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

### **RESOLUCIÓN**

AUTORIZASE a extracción de Navalla e Longueirón coas condicións que a continuación se especificarán, **advertíndoselles que a efectividade da mesma para a realización da actividade extractiva, estará supeditada á previa autorización de Capitanía Marítima e ao cumprimento das normas de seguridade**, e acorde co método de extracción aprobado no Plan de Explotación.

**DATAS:** 18,21,22,23,28,29,30 e 31 de marzo

#### **ZONAS PARA MERGULLO EN APNEA:**

- A: Libre marisqueo entre Punta Sandía e a desembocadura do Río Lago, que inclúe as praias de Lago e Barreira e a zona infralitoral entre a praia de Barreira e Punta Sandía (CM-033).
- B: Praia de Borreiros (CM-034).
- C: Praia da Cruz (CM-037).

#### **ZONAS PARA MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE:**

- B: Enseada de Merexo, que inclúe as praias de Area Maior (CM-036) e praia de Loureiro (CM-035).
- D: Por fóra da Praia de Mozogondón (CM-038).
- E: Está situada na parte media da ría de Camariñas, fronte á praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte do Porto (CM-146), delimitada polas coordenadas cartográficas: 29T 0486141/4774564, 29T 0485105/4774531, 29T 04855158/4773288, 29T 0486194/477306 (UTM-1950).

**Cando se empregue o mergullo con subministro de aire dende superficie, con carácter diario e antes das 09:30 h, a confraría comunicará á xefatura territorial por cada equipo de traballo e zona, o listado de participantes así como a embarcación responsable do control.**

**PUNTOS DE CONTROL:** Lonxas de Camariñas e Muxía .

#### **PUNTOS DE CONTROL A FLOTE:**

**"MARIA LUISA"**      **Responsable:** FÉLIX VILELA CARLÍN (79327179H)  
**"NAUTIL"**         **Substituto:** CARLOS VALIÑA AMEIJENDA (79326234Q)



O control será realizado no propio banco polos integrantes do plan, debendo comunicar, xunto coa solicitude de apertura mensual, a embarcación e tripulantes responsables do control. Este control deberá estar formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. **No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.**

**CALQUERA INCUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NESTES PUNTOS DE CONTROL SUPORÁ A PROHIBICIÓN DO MERGULLO SEMIAUTÓNOMO.**

No caso de que algún día a persoa responsable non saia a faenar, exercerá como responsable do punto de control o substituto do xefe de equipo para mergullo semiautómomo. **Nunca se traballará con mergullo semiautónomo se vai unha soa embarcación.**

Nos puntos de control **verificarase o cumprimento das cotas de captura, tallas, zona de extracción e tempos de permanencia na zona de traballo das diferentes embarcacións participantes.**

**O EXCESO DE CAPTURA CON RESPECTO AO TOPE AUTORIZADO DEBE SER INMEDIATAMENTE DEVOLTO AO MAR TRAS REALIZAR O CONTROL.**

Os datos de extracción mensuais (nome dos barcos asistentes cada día, o número de mergulladores de cada barco/día, a zona de traballo e o horario de inmersión dos mergulladores de cada barco ou, de non ser posible, o tempo de permanencia na zona de extracción de cada embarcación) deberán ser remitidos ao biólogo de zona con cada solicitude de apertura, para poder realizar o seguimento do plan de explotación.

Enviase modelo de folla de control para a recollida de datos no punto de control que deberá ser remitido ao biólogo de zona no correo electrónico [susana.fandino.silva@xunta.es](mailto:susana.fandino.silva@xunta.es)

**MÉTODO DE EXTRACCIÓN:** Mergullo en apnea e semiautónomo.

**PUNTOS DE VENDA:** Lonxas de Camariñas e Muxía.

**TOPES DE CAPTURA:** 20 kg. mergullador enrolado e a bordo/día.

**HORARIO: Mergullo en apnea: de 08:00 a 14:00 horas.**

**Mergullo semiautónomo: de 10:00 a 13:00 horas.**

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante a conselleira do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 17 de marzo de 2016

O xefe territorial

P.D. de firma (Resolución do xefe territorial do 19 de novembro de 2015)

A xefa do Servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica

Beatriz Alonso de la Iglesia



**EMBARCACIONES E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA EXTRACCIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN NAS CONFRARIAS DE CAMARIÑAS E MUXIA (ZONA VI)  
MARZO DE 2016**

<b>EMBARCACIONES E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA MERGULLO EN APNEA</b>			
<b>EQUIPO 1 - XEFE DE EQUIPO: MANUEL ANGEL PASANTES CARRIL SUBSTITUTO: CARLOS VALIÑA AMEIJENDA</b>			
<b>EMBARCACIÓN</b>	<b>CUPOS</b>	<b>MERGULLADORES</b>	<b>DNI</b>
O VULCANO	CO-4-2-12	3 MANUEL A. PASANTES CARRIL VACANTE VACANTE	46898518T
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3 PEDRO SILVA CARBALLO VACANTE VACANTE	79326356T
MARIA LUISA	CO-4-1778	2 JESÚS M. CARBALLO SAR FELIX VILELA CARLIN	79323497Q 79327179H
MARÍA DEL PILAR	CO-4-1961	2 JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA VACANTE	79321385C
<b>EQUIPO 2 – XEFE DE EQUIPO JESÚS M. LEMA CARRERA</b>			
<b>EMBARCACIÓN</b>	<b>CUPOS</b>	<b>MERGULLADORES</b>	<b>DNI</b>
SANDRA	CO-4-1716	3 JESÚS M. LEMA CARRERA CARLOS HAZ REY	32788403V 47370160G
<b>EMBARCACIONES E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA MERGULLO SEMIAUTÓNOMO</b>			
<b>EQUIPO 1 - XEFE DE EQUIPO: FÉLIX VILELA CARLÍN SUBSTITUTO: JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA</b>			
<b>EMBARCACIÓN</b>	<b>CUPOS</b>	<b>MERGULLADORES</b>	<b>DNI</b>
O VULCANO	CO-4-2-12	3 MANUEL A. PASANTES CARRIL VACANTE VACANTE	46898518T
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	3 PEDRO SILVA CARBALLO VACANTE VACANTE	79326356T
MARIA LUISA	CO-4-1778	2 JESÚS M. CARBALLO SAR FELIX VILELA CARLIN	79323497Q 79327179H
MARÍA DEL PILAR	CO-4-1961	2 JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA VACANTE	79321385C

**NOTA:** As embarcacións e mergulladores propostos neste plan e que non obren no presente anexo, teñen a documentación incompleta, polo que deberán tramitar a mesma a través da Confraría de Pescadores correspondente. Unha vez corrixidas as deficiencias, incorporaranse mediante modificación da Resolución de apertura.



